## Un profesor da USC, elixido primeiro secretario xeral do Movemento Sumar Galicia

# “Sumar é a forza política que mellor goberna o Estado, e estamos aquí para que en Galicia algún día sexa unha realidade”

*Paulo Carlos López López é Profesor Titular de Ciencia Política na Universidade de Santiago de Compostela. Vén de ser escollido por unanimidade Secretario Xeral de Movemento Sumar Galicia.*

**O pasado día 23 de novembro constituíse Movemento Sumar Galicia en Santiago de Compostela. Ten sentido logo do acontecido nas eleccións galegas?**

O pasado febreiro perdemos unhas eleccións pero gañamos unha organización. Este espazo político nos últimos anos estaba moi centrado en concorrer a procesos electorais descoidando tecer unha organización comarca a comarca, que é o que nos pode permitir, a medio prazo, xerar unha alternativa en Galicia. O pasado 23 de novembro moitas persoas decidimos construír un Movemento como vocación de continuidade, que quere recuperar o papel da militancia e estar ao carón da cidadanía, escoitando os seus problemas. Penso que a nosa Asemblea Constituínte foi un moderado éxito e tivemos o apoio da Vicepresidenta segunda do Goberno.

**Vostede no discurso de clausura foi moi crítico co PP e con Alfonso Rueda.**

Vivimos nunha Galicia cada vez máis pequena. No demográfico, no económico, no social. As políticas do Partido Popular non resolven os problemas da cidadanía. A sanidade, cada vez peor. E Galicia ten un problema coa vivenda, en especial na Coruña, Vigo e Santiago, que cada vez se dispara máis e máis, cun prezo inasumible para acceder a ela cun mínimo de condicións. O prezo do aluguer subiu nalgunhas zonas máis dun 20% nun ano. Rueda debe aplicar a lei de vivenda en Galicia ou non terá financiamento. Deben prohibir a compra de vivenda nas zonas tensionadas en caso de non ser para vivenda habitual, por exemplo.

**Dígame tres propostas concretas para Galicia.**

Concretas? Nacionalizar a AP-9, construír vivenda pública e paralizar ALTRI. E se é posible dicir máis, mellorar o transporte e a mobilidade.

**Existe espazo máis aló de BNG e PSdeG en Galicia para unha forza política progresista?**

Nas eleccións do 23X tivemos dous deputados no Congreso e somos varios centos os e as militantes desta nova organización. Está claro que existe un espazo militante e votante para este espazo político. A nosa vocación é artellalo con forza politicamente. Ademais, BNG e PSdeG non son capaces por si sós de xerar unha alternativa de goberno.

**A que se refire con iso?**

Refírome a que se nós estamos, ensanchamos o espazo progresista. E se non estamos, a forza de BNG e PSdeG non chega. Vímolo, para ben, nas eleccións xerais, e vímolo, para mal, nas




eleccións galegas. Lémbrome o que dicía Marta Lois nas eleccións: se Sumar está, hai cambio. E Sumar non estivo, e non houbo cambio. Algo de razón tiñamos.

**Como se definen.**

Como unha forza de esquerda que goberna ben. Feminista, que defende os dereitos do colectivo LGTBIQA+ e da xente traballadora. Que defende Galicia. Que quere unha transición ecolóxica xusta e que se ocupa das problemáticas do Estado. Sumar é a forza política que mellor goberna no Estado, e estamos aquí para que en Galicia algún día sexa unha realidade. Dígame, ¿fixo alguén máis nos últimos 30 años por mellorar as condicións de vida das persoas traballadoras?

**Sendo o xornalista, as preguntas fágoas eu...**

Pero é certo: subida do salario mínimo, escudo social e agora redución da xornada laboral. Imos conseguila.

**E que teñen que dicirlle aos empresarios e aos autónomos?**

Que uns traballadores e unhas traballadoras con mellores xornadas e mellores salarios son máis produtivos e produtivas. Que estamos coas autónomas e cos pequenos empresarios e pequenas empresarias, e que as nosas medidas tamén son boas para eles. Ao mellor os grandes empresarios non están tan de acordo, pero é que na vida hai que escoller: estamos coa maioría social e non cos beneficios das eléctricas.

**Que papel terá Verónica Martínez Barbero en Movemento Sumar Galicia?**

É a nosa Presidenta e a Portavoz do Grupo Plurinacional de Sumar no Congreso dos Deputados. É a nosa principal referente e o mellor capital político que temos. Dende logo, terá o papel que ela queira. Ten unha grande experiencia. Defende á clase traballadora e defende a Galicia en todas as súas iniciativas, deseñou unha auténtico escudo social que salvou tantos empregos na pandemia sendo Directora Xeral de Traballo. Foi quen redactou a lei ELA que acabou cunha inxustiza histórica. E por suposto, tamén temos a un grande deputado como Manuel Lago.

**E Yolanda Díaz?**

A mellor Ministra de Traballo da historia da democracia; a ministra que máis mellorou as condicións de vida

dos traballadores e das traballadoras, a ministra que máis subiu o SMI, que máis pactos conseguiu e que máis dereitos blindou. É unha honra que sexa galega.

**Cales son os seus obxectivos a curto e medio prazo? As eleccións municipais?**

As eleccións municipais son un reto moi importante e temos que estar preparadas. Movemento Sumar Galicia estará presente nas próximas eleccións municipais, e traballaremos organizativamente para estalo. Estaremos nas principais cidades galegas, dunha forma ou doutra, apostando sempre pola unidade. Cada agrupación local ou comarcal terá voz para decidir como estaremos, pero dende logo estaremos onde sexamos útiles para un cambio progresista, estaremos para ensanchar o espazo do cambio e non para fragmentar. E dende logo que estaremos para reforzar os espazos transformadores xa existentes porque estamos para cooperar e non para competir.

**Presentarán candidatura en Ames en 2027?**

Aínda é moi pronto para iso. Non descartamos nada. Temos militancia en Ames e moitos referentes.

**Presentarán candidatura en Santiago de Compostela en 2027?**

Aínda é moi pronto para iso. Non descartamos nada. É importante saber a opinión da nosa militancia en Santiago. Estaremos onde creamos que podemos achegar para un cambio políticaço progresista ou, neste caso, para reforzalo.

**Cal é a súa relación con Podemos e Esquerda Unida?**

Boa. Son compañeiras e compañeiros.



**Tamén con Podemos?**

O meu adversario é o Partido Popular, Vox e as políticas reaccionarias. Outra cousa é que discrepe ideolóxica e estratexicamente das decisións de Podemos e que pense que fixeron moito dano á unidade. En todo caso, sempre a man tendida. O meu adversario é a dereita e a ultradereita.



**Arriba, López acompaña a Verónica Martínez e a Yolanda Díaz ao acto de peche do congreso de Movemento Sumar Galicia.**

**Na páxina anterior, un momento da súa intervención tras ser escollido Secretario Xeral.**

**ENTREVISTA** Paulo Carlos López López, profesor da USC e secretario xeral de Movemento Sumar Galicia

# “Sumar é a forza política que mellor goberna o Estado e estamos aquí para que Galicia algún día sexa unha realidade”



Paulo Carlos López López, xunto a Verónica Martínez e Yolanda Díaz

*Paulo Carlos López López é profesor titular de Ciencia Política na Universidade de Santiago de Compostela.* **Crónicas** *conversa con el tras ser escollido por unanimidade Secretario Xeral de Movemento Sumar Galicia.*

**- O pasado 23 de novembro constituíse Movemento Sumar Galicia en Santiago. Ten sentido logo do acontecido nas eleccións galegas?**

- O pasado febreiro perdemos unhas eleccións pero gañamos unha organización. Este espazo político nos últimos anos estaba moi centrado en concorrer a procesos electorais descoidando tecer unha organización comarca a comarca, que é o que nos pode permitir, a medio prazo, xerar unha alternativa en Galicia. O pasado 23 de novembro moitas persoas decidimos construír un Movemento como vocación de continuidade, que quere recuperar o papel da militancia e estar ao carón da cidadanía, escoitando os seus problemas. Penso que a nosa Asemblea Constituínte foi un moderado éxito e tivemos a apoio da Vicepresidenta segunda do Goberno.

**- No discurso de clausura foi moi crítico co PP e con Alfonso Rueda.**

- Vivimos nunha Galicia cada vez máis pequena. No demográfico, no económico, no social. As políticas do PP non resolven os problemas da cidadanía. A sanidade, cada vez peor. E Galicia ten un problema coa vivenda, en especial na Coruña, Vigo e Santiago, que cada vez se dispara máis e máis, cun prezo inasumible para acceder a ela cun mínimo de condicións. O prezo do aluguer subiu nalgunhas zonas máis dun 20% nun ano. Rueda debe aplicar a lei de vivenda en Galicia ou non terá financiamento. Deben prohibir a compra de vivenda nas zonas tensionadas en caso de non ser para vivenda habitual, por exemplo.

**- Dígame tres propostas concretas para Galicia.**

- Nacionalizar a AP-9, construír vivenda pública e paralizar ALTRI. E se é posible dicir máis, mellorar o transporte e a mobilidade.

**- Existe espazo máis aló de BNG e PSdeG en Galicia para unha forza política progresista?**

- Nas eleccións do 23X tivemos dous deputados no Congreso e somos varios centos os e as militantes desta nova organización. Está claro que existe un espazo militante e votante para este espazo político. A nosa vocación é artellalo con forza politicamente. Ademais, BNG e PSdeG non son capaces por si sós de xerar unha alternativa de goberno.

**- A que se refire con iso?**

- Refírome a que se nós estamos, ensanchamos o espazo progresista. E se non estamos, a forza de BNG e PSdeG non chega. Vímolo, para ben, nas eleccións xerais, e vímolo, para mal, nas eleccións galegas. Lémbrome o que dicía Marta Lois nas eleccións: se Sumar está, hai cambio. E Sumar non estivo, e non houbo cambio. Algo de razón tiñamos.

**- Como se definen?**

- Como unha forza de esquerda que goberna ben. Feminista, que defende os dereitos do colectivo LGTBIQA+ e da xente traballadora. Que defende Galicia. Que quere unha transición ecolóxica xusta e que se ocupa das problemáticas do Estado. Sumar é a forza política que mellor goberna no Estado, e estamos aquí para que en Galicia algún día sexa unha realidade. Dígame, fixo alguén máis nos últimos 30 años por mellorar as condicións de vida das persoas traballadoras?

**- Sendo o xornalista, as preguntas fágoas eu...**

- Pero é certo: subida do salario mínimo, escudo social e agora redución da xornada laboral. Imos conseguila.

**- E que teñen que dicirlle aos empresarios e aos autónomos?**

- Que uns traballadores e unhas traballadoras con mellores xornadas e mellores salarios son máis produtivos e produtivas. Que estamos coas autónomas e cos pequenos empresarios e pequenas empresarias, e que as nosas medidas tamén son boas para eles. Ao mellor os grandes empresarios non están tan de acordo, pero é que na vida hai que escoller: estamos coa maioría social e non cos beneficios das eléctricas.

**- Que papel terá Verónica Martínez Barbero en Movemento Sumar Galicia?**

- É a nosa presidenta e a portavoz do Grupo Plurinacional de Sumar no Congreso dos Deputados. É a nosa principal referente e o mellor capital político que temos. Dende logo, terá o papel que ela queira. Ten unha grande experiencia. Defende á clase traballadora e defende a Galicia en todas as súas iniciativas, deseñou unha auténtico escudo social que salvou tantos empregos na pandemia sendo Directora Xeral de Traballo. Foi quen redactou a lei ELA que acabou cunha inxustiza histórica. E por suposto, tamén temos a un grande deputado como Manuel Lago.

**- E Yolanda Díaz?**

- A mellor ministra de Traballo da historia da democracia; a ministra que máis mellorou as condicións de vida dos traballadores e das traballadoras, a ministra que máis subiu o SMI, que máis pactos conseguiu e que máis dereitos blindou. É unha honra que sexa galega.

**- Cales son os seus obxectivos a curto e medio prazo? As municipais?**

- As eleccións municipais son un reto moi importante e temos que estar preparadas. Movemento Sumar Galicia estará presente nas próximas eleccións municipais, e traballaremos organizativamente para estalo. Estaremos nas principais cidades galegas, dunha forma ou doutra, apostando sempre pola unidade. Cada agrupación local ou comarcal terá voz para decidir como estaremos, pero dende logo estaremos onde sexamos útiles para un cambio progresista, estaremos para ensanchar o espazo do cambio e non para fragmentar. E dende logo que estaremos para reforzar os espazos transformadores xa existentes porque estamos para cooperar e non para competir.

SABORA
cafés tostados no día

## Un veciño de Bertamiráns, elixido primeiro secretario xeral do Movemento Sumar Galicia

# "Sumar é a forza política que mellor goberna o Estado, e estamos aquí para que en Galicia algún día sexa unha realidade"

*Paulo Carlos López López é Profesor Titular de Ciencia Política na Universidade de Santiago de Compostela. Vén de ser escollido por unanimidade Secretario Xeral de Movemento Sumar Galicia.*

**O pasado día 23 de novembro constituíse Movemento Sumar Galicia en Santiago de Compostela. Ten sentido logo do acontecido nas eleccións galegas?**

O pasado febreiro perdemos unhas eleccións pero gañamos unha organización. Este espazo político nos últimos anos estaba moi centrado en concorrer a procesos electorais descoidando tecer unha organización comarca a comarca, que é o que nos pode permitir, a medio prazo, xerar unha alternativa en Galicia. O pasado 23 de novembro moitas persoas decidimos construír un Movemento como vocación de continuidade, que quere recuperar o papel da militancia e estar ao carón da cidadanía, escoitando os seus problemas. Penso que a nosa Asemblea Constituínte foi un moderado éxito e tivemos a apoio da Vicepresidenta segunda do Goberno.

**Vostede no discurso de clausura foi moi crítico co PP e con Alfonso Rueda.**

Vivimos nunha Galicia cada vez máis pequena. No demográfico, no económico, no social. As políticas do Partido Popular non resolven os problemas da cidadanía. A sanidade, cada vez peor. E Galicia ten un problema coa vivenda, en especial na Coruña, Vigo e Santiago, que cada vez se dispara máis e máis, cun prezo inasumible para acceder a ela cun mínimo de condicións. O prezo do aluguer subiu nalgunhas zonas máis dun 20% nun ano. Rueda debe aplicar a lei de vivenda en Galicia ou non terá financiamento. Deben prohibir a compra de vivenda nas zonas tensionadas en caso de non ser para vivenda habitual, por exemplo.

**Dígame tres propostas concretas para Galicia.**

Concretas? Nacionalizar a AP-9, construír vivenda pública e paralizar ALTRI. E se é posible dicir máis, mellorar o transporte e a mobilidade.

**Existe espazo máis aló de BNG e PSdeG en Galicia para unha forza política progresista?**

Nas eleccións do 23X tivemos dous deputados no Congreso e somos varios centos os e as militantes desta nova organización. Está claro que existe un espazo militante e votante para este espazo político. A nosa vocación é artellalo con forza politicamente. Ademais, BNG e PSdeG non son capaces por si sós de xerar unha alternativa de goberno.

**A que se refire con iso?**

Refírome a que se nós estamos, ensanchamos o espazo progresista. E se non estamos, a forza de BNG e PSdeG non chega. Vímolo, para ben, nas eleccións xerais, e vímolo, para mal, nas eleccións galegas. Lémbrome o que dicía Marta Lois nas eleccións: se Sumar está, hai cambio. E Sumar non estivo, e non houbo cambio. Algo de razón tiñamos.




**Como se definen.**

Como unha forza de esquerda que goberna ben. Feminista, que defende os dereitos do colectivo LGTBIQA+ e da xente traballadora. Que defende Galicia. Que quere unha transición ecolóxica xusta e que se ocupa das problemáticas do Estado. Sumar é a forza política que mellor goberna no Estado, e estamos aquí para que en Galicia algún día sexa unha realidade. Dígame, ¿fixo alguén máis nos últimos 30 años por mellorar as condicións de vida das persoas traballadoras?

**Sendo o xornalista, as preguntas fágoas eu...**

Pero é certo: subida do salario mínimo, escudo social e agora redución da xornada laboral. Imos conseguila.

**E que teñen que dicirlle aos empresarios e aos autónomos?**

Que uns traballadores e unhas traballadoras con mellores xornadas e mellores salarios son máis produtivos e produtivas. Que estamos coas autónomas e cos pequenos empresarios e pequenas empresarias, e que as nosas medidas tamén son boas para eles. Ao mellor os grandes empresarios non están tan de acordo, pero é que na vida hai que escoller: estamos coa maioría social e non cos beneficios das eléctricas.

**Que papel terá Verónica Martínez Barbero en Movemento Sumar Galicia?**

É a nosa Presidenta e a Portavoz do Grupo Plurinacional de Sumar no Congreso dos Deputados. É a nosa principal referente e o mellor capital político que temos. Dende logo, terá o papel que ela queira. Ten unha grande experiencia. Defende á clase traballadora e defende a Galicia en todas as súas iniciativas, deseñou unha auténtico escudo social que salvou tantos empregos na pandemia sendo Directora Xeral de Traballo. Foi quen redactou a lei ELA que acabou cunha inxustiza histórica. E por suposto, tamén temos a un grande deputado como Manuel Lago.

**E Yolanda Díaz?**

A mellor Ministra de Traballo da historia da democracia; a ministra que máis mellorou as condicións de vida

dos traballadores e das traballadoras, a ministra que máis subiu o SMI, que máis pactos conseguiu e que máis dereitos blindou. É unha honra que sexa galega.

**Cales son os seus obxectivos a curto e medio prazo? As eleccións municipais?**

As eleccións municipais son un reto moi importante e temos que estar preparadas. Movemento Sumar Galicia estará presente nas próximas eleccións municipais, e traballaremos organizativamente para estalo. Estaremos nas principais cidades galegas, dunha forma ou doutra, apostando sempre pola unidade. Cada agrupación local ou comarcal terá voz para decidir como estaremos, pero dende logo estaremos onde sexamos útiles para un cambio progresista, estaremos para ensanchar o espazo do cambio e non para fragmentar. E dende logo que estaremos para reforzar os espazos transformadores xa existentes porque estamos para cooperar e non para competir.

**Presentarán candidatura en Ames en 2027?**

Aínda é moi pronto para iso. Non descartamos nada. Temos militancia en Ames e moitos referentes.

**Presentarán candidatura en Santiago de Compostela en 2027?**

Aínda é moi pronto para iso. Non descartamos nada. É importante saber a opinión da nosa militancia en Santiago. Estaremos onde creamos que podemos achegar para un cambio políticaço progresista ou, neste caso, para reforzalo.

**Cal é a súa relación con Podemos e Esquerda Unida?**

Boa. Son compañeiras e compañeiros.

**Tamén con Podemos?**

O meu adversario é o Partido Popular, Vox e as políticas reaccionarias. Outra cousa é que discrepe ideolóxica e estratexicamente das decisións de Podemos e que pense que fixeron moito dano á unidade. En todo caso, sempre a man tendida. O meu adversario é a dereita e a ultradereita.





**Arriba, López acompaña a Verónica Martínez e a Yolanda Díaz ao acto de peche do congreso de Movemento Sumar Galicia.**

**Na páxina anterior, un momento da súa intervención tras ser escollido Secretario Xeral.**